



ORDENANZA FISCAL Nº 26 REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE DEPÓSITO, CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA DE CORTA.

ARTIGO 1.

A presente ordenanza será aplicable á realización de operacións de depósito, e carga e transporte en vehículos con peso máximo autorizado superior ás 5 t de madeira procedente da corta.

ARTIGO 2.

1º A realización das actividades descritas no artigo anterior dentro do territorio do Concello de Narón estará sometida a licenza.

2º A vixencia terá carácter anual, e deberá ser renovada antes de que remate o período de vixencia.

ARTIGO 3.

As persoas físicas ou xurídicas que realicen tal actividade deberán inscribirse nun rexistro establecido para tal efecto, no que se fará constar, como mínimo, a identificación do titular da explotación, a razón social, o NIF, e os vehículos adscritos á actividade, con indicación de marca, modelo, características do carrozado, matrícula e peso máximo autorizado.

ARTIGO 4.

1º Independentemente da taxa que se fixe nas ordenanzas fiscais correspondentes, os beneficiarios da licenza deberán presentar xustificantes de ter presentado fianza, por calquera dos procedementos establecidos pola lexislación vixente, polos importes que se indican no apartado seguinte, para responder do amaño dos deterioros que puideran producir nas vías, e a limpeza dos restos das operacións de carga de depósito de madeira.

2º Establécense dúas categorías para os efectos de fixación das fianzas:

Vehículos con peso máximo autorizado inferior a 16 t	1.980,19 €
Vehículos con peso máximo autorizado maior ou igual a 16 t	3.960,38 €

ARTIGO 5

As persoas físicas ou xurídicas que realicen tal actividade inscribíranse nun rexistro establecido para o efecto no que fará constar, polo menos, a identificación do titular da explotación, razón social, NIF., ou CIF e os vehículos adscritos á actividade, coa indicación da marca, modelo, características do carrozado, matrícula e PMA.

ARTIGO 6

En todo caso, o incumprimento reiterado ou a falta de pago das cantidades debidas en concepto dos preceptos establecidos na presente ordenanza, unha vez que exista resolución firme, supoñerá a anulación da licenza e, polo tanto, a baixa automática de todos os dereitos derivados e, polo tanto, a prohibición do exercicio das actividades regulamentadas na ordenanza no ámbito do territorio do Concello de Narón, sen prexuízo das sancións que tiveran lugar segundo determina na Lei xeral tributaria, e na propia ordenanza fiscal xeral, e a propia que regula a actividade.”

ARTIGO 7



Non se concederá nova licenza, renovación, nin novas anotacións no rexistro de vehículos a persoas físicas ou xurídicas incursas en causa de anulación ou que manteñan débedas derivadas de expediente de tramitación ou sanción aberto en cumprimento da presente ordenanza ata a conclusión do expediente e/ou a liquidación dos importes pendentes.

ARTIGO 8

1º A anulación da licenza implicará a non concesión de nova licenza durante un período mínimo dun ano a contar dente a data na que exista resolución firme.

2º Unha segunda anulación da licenza suporá a non concesión de renovación ou nova licenza da actividade á persoa física ou xurídica titular.

ARTIGO 9

Establécense, para os efectos de trámite de licenza e rexistro de vehículos, as taxas seguintes:

Por tramitación de nova licenza ou renovación	39,59 €
Por tramitación de novos rexistros de vehículos	15,83 €

Por cada rexistro de vehículo en nova licenza ou novos rexistros de vehículos:	
Peso máximo autorizado maior de 5 t e menor de 16 t	7,89 €
Peso máximo autorizado maior ou igual a 16 t	15,16 €
Pola tramitación de autorización de extracción	37,89 €

A revisión das taxas realizarase mediante ordenanza fiscal específica.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.